

Resolución do 01 de decembro de 2017, da Comisión de selección para a provisión dunha praza de técnico/a provincial, convocada por resolución do 21/07/2017, pola que se aproban e se fan públicas as listas definitivas dos resultados da valoración de méritos.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas de técnico/a provincial, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso, entre outros temas,

ACORDOU:

Primeiro: Recepción de alegacións

Publicadas as listas provisionais de resultados da valoración de méritos na páxina web de Seaga, foron presentadas catro alegacións á mesma.

Todas elas son presentadas por non estar de acordo coa valoración de méritos profesionais.

En dúas delas, non se aceptan os días alegados por considerar a Comisión que non acreditan a realización de funcións semellantes ás de técnico/a provincial, segundo a base Oitava, 2.2.a)

Noutra acéptase que non se valoraron todos os días traballados no apartado de “Servizos presentados na Empresa Pública Seaga, na Xunta de Galicia...”, corrixindo o resultado.

Nunha cuarta, acéptase que non se valoraron correctamente os días traballados no apartado de “Servizos prestados en outras Administracións Públicas...”, corrixindo o resultado.

Segundo: Aprobar as listas definitivas dos resultados da valoración de méritos

De conformidade co establecido na base oitava, acordou aprobar as listas definitivas de resultados da valoración de méritos pertencente ao proceso de selección, na que se relacionan os/as aspirantes coa súa valoración total de méritos.

Terceiro: Facer pública as listas definitivas dos resultados da valoración de méritos

De conformidade co establecido na base oitava, acordou facen públicas as listas definitivas de resultados da valoración de méritos pertencente ao proceso de selección que figuran como Anexo á presente resolución.

Segundo a base oitava.2, nesta fase poderase acadar unha puntuación máxima de 30 puntos.

Santiago de Compostela, 01 de decembro de 2017

Martín Martínez Abal



Presidente da Comisión